

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, de data 23 de abril de 2025, relativo á concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 119,93 euros ao beneficiario descrito no informe social do expediente SIUSS 3931 para atender ao pago de necesidades primarias, que figura no expediente administrativo 1019/2025.

En uso das facultades concedidas nos artigos 184, 185, 186 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como nos artigos 59 e seguintes do Real Decreto 500/90, esta Alcaldía, visto o informe de intervención, acorda:

Primeiro.

Levantar o reparo interposto pola intervención, por considerar que pese ó mesmo debe efectuarse o pago das prestacións efectivamente realizadas, en base ó principio de enriquecemento inxusto da administración.

Segundo.

Que se autorice, dispoña e recoñeza un gasto por importe de 119,93 € correspondente á subvención directa de emerxencia social, aplicación orzamentaria, 231-48 Acción Social. Emerxencia social.

Terceiro.

Que se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería do Concello.

Cuarto.

Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O Alcalde,
Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitamente á marxe

